

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE LATÍN 4º DE ESO

CURSO 2020-2021

1.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.	4
2.	DATOS DO DEPARTAMENTO.	4
2.1.	Datos do profesorado.	4
2.2.	Distribución do alumnado.	4
2.3.	Organización espacial.	4
3.	O CURRÍCULO LOMCE.	4
4.	AS COMPETENCIAS CLAVE NA LOMCE.	5
5.	ELEMENTOS TRANSVERSAIS NA LOMCE.	6
6.	PRINCIPIOS, FINALIDADE E OBXECTIVOS NA LOMCE.	6
6.1.	Principios xerais.	6
6.2.	Finalidade.	7
6.3.	Obxectivos da educación secundaria obrigatoria	7
6.4.	Principios metodolóxicos	8
7.	O PAPEL DA MATERIA DE LATÍN NA ESO.	9
8.	RELACIÓN DE ESTÁNDARES DO PERFIL COMPETENCIAL.	14
9.	CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS.	15
10.	RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E PORCENTAXE MÍNIMA DE CONSECUCIÓN DE ESTÁNDARES.	15
11.	RECURSOS.	23
12.	PROCEDEMENTO PARA INTEGRAR, ORGANIZAR E DESENVOLVER AS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS DO CURSO ANTERIOR.	23
13.	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	24
14.	EVALUACIÓNS.	24
14.1	Avaliación inicial	24
14.2	Avaliación trimestral e convocatoria ordinaria.	24
	Valoración de traballos e caderno de clase.	25
	Actitude e traballo na aula e na clase.	25
14.3	Cualificación trimestral	25
14.4	Criterios para determinar a cualificación final	25
	Calendario de avaliacións	26
	Avaliación da convocatoria extraordinaria.	26
14.5	Probas de recuperación.	26
15.	Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	26
16.	PROGRAMAS DE REFORZO E RECUPERACIÓN.	28
16.1	Programas de reforzo trimestrais.	28
16.2	Programas de reforzo e recuperación da materia pendente.	28
16.3	Programa específico para alumnado repetidor.	28
16.4	Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo.	28
17.	CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.	28
18.	CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.	29

19. EDUCACIÓN DIXITAL. ACCIÓNS DE ACORDO AO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC.	29
20. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.	30
21. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.	30
22. TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS.	30
23. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	31
24. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	31
25. REFERENCIAS NORMATIVAS.	33

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Para unha contextualización socioeconómica remitímonos ao PEC. Polo que respecta á área Latín, o contexto relevante defíneo unha ambientabilidade lingüística que vén determinada por un alumnado na meirande parte galegofalante. Téndomos isto, a materia de latín, que se imparte como optativa en 4º de ESO a este alumnado galegofalante terá como punto de partida preferente esta lingua para a explicación, evolución, exemplificación e tradución de textos.

2. DATOS DO DEPARTAMENTO.

2.1. Datos do profesorado.

Esta materia figura adscrita ao Departamento de Inglés durante o presente curso 2022-2023. Trátase dun departamento composto por dous integrantes. A xefa do departamento é Isabel Pampín, pero o encargado da docencia da materia de Latín será Xaime González.

Profesorado	Curso que imparte
Xaime González Calvo	4º de ESO

2.2. Distribución do alumnado.

Curso	Grupo	Nº Alumnado
4º	A	7

2.3. Organización espacial.

As clases da materia de Latín impártense na aula de materias optativas do edificio de ESO.

3. O CURRÍCULO LOMCE.

Segundo dispón o artigo 2 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas. O currículo está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeles, e pola metodoloxía didáctica. A definición que no devantido Decreto se ofrece para cada un dos elementos é a seguinte:

a) Obxectivos: referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

b) Competencias: capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Contidos: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

d) Criterios de avaliación: referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

e) Estándares de aprendizaxe avaliáveis: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

f) Metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

4. AS COMPETENCIAS CLAVE NA LOMCE.

«En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, neste decreto incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supor un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar desde todas as materias de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.»

«As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.»

No currículo, as competencias defínense como as «capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos».

As competencias clave mencionadas no currículo son as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

5. ELEMENTOS TRANSVERSAIS NA LOMCE.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverse a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Fomentárase as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

6. PRINCIPIOS, FINALIDADE E OBXECTIVOS NA LOMCE.

6.1. Principios xerais.

A educación secundaria obrigatoria ten carácter obrigatorio e gratuíto, e constitúe, xunto coa educación primaria, a educación básica.

Na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.

A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

6.2.Finalidade.

A educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiren os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles/as hábitos de estudo e de traballo; prepararlos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

6.3.Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das

outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

6.4.Principios metodolóxicos

1. Os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para esta etapa desde a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

De conformidade co establecido no artigo 26.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións que permitan que, nos primeiros cursos da etapa, o profesorado coa debida cualificación imparta máis dunha materia ao mesmo grupo de alumnos e de alumnas.

2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

3. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

4. No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeles previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballa-

ránse en todas as materias.

7. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicárase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

10. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

7. O PAPEL DA MATERIA DE LATÍN NA ESO.

De acordo co currículo da ESO, o papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e

interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e

de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e

interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

Esta mesma perspectiva está tamén presente no currículo básico para bacharelato, malia perseguirse nesta etapa un estudo máis en profundidade da lingua, xa que, ben pola súa estrutura interna de funcionamento, ben polo seu caudal léxico, está moi presente nas linguas utilizadas e estudadas polos alumnos e as alumnas.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de bacharelato un estudo máis pormenorizado.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organízase en bloques que, con lixeiros matices, se repiten en todos os cursos.

Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

O primeiro destes bloques estuda o latín como orixe das linguas romances e ten un trato lixeiramente diferente para os cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, e o curso de segundo de bacharelato. Os contidos dos dous primeiros cursos comezan coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, a evolución e as etapas do latín e as linguas romances. A continuación, e xa para os tres cursos, preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, mediante o estudo do

mantemento de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica.

O seguinte bloque, deseñado só para latín de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, aborda os elementos básicos da lingua latina, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e a evolución do abecedario latino e a súa pronuncia.

Os dous bloques seguintes, comúns aos tres cursos, tratan aspectos netamente lingüísticos, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe, os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema, ademais da fonética e a semántica, dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co propósito fundamental da comprensión e a interpretación dos textos.

Nos cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato dedicouse un bloque ao estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política, social e militar, e da súa identidade cultural, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía, cuxa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana, entre as que destacan por unha banda as relativas ás artes plásticas e, máis concretamente, a escultura e a arquitectura, e pola outra, as literarias.

O estudo máis en profundidade destas últimas resérvase para o curso de segundo de bacharelato, que conta cun bloque específico para a literatura latina, no que un mellor coñecemento da lingua lle permitirá ao alumnado entrar en contacto directo con algúns fragmentos das obras orixinais, afondando deste xeito na comprensión dos textos literarios clásicos latinos para comprender as claves da sociedade en que viron a luz e valorar a influencia que os autores latinos tiveron ao longo dos séculos.

Se, como dixemos, a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización latina, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos en todos os cursos. Preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para lograr este obxectivo, ademais do labor de tradución, deberase tratar o latín como unha lingua viva coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.

Por último, nos tres cursos dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda o alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir o de outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Así, dedícase un especial interese á composición e á derivación culta, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grega e latina.

Abondando nesta última idea, abórdase o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas nun contexto adecuado.

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de

disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

8. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DO PERFIL COMPETENCIAL.

LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.

LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.

LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.

LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.

LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.

LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.

LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.

LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.

LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.

LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

9. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS.

Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina, as familias de linguas indoeuropeas e románicas.

Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.

Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.

Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.

Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.

Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.

Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.

Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.

Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

10. RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E PORCENTAXE MÍNIMA DE CONSECUCIÓN DE ESTÁNDARES.

Latín. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temp	Grao mínimo de consecución de estándares
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances						
<ul style="list-style-type: none"> • f • ñ • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Marco xeográfico da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. 	<ul style="list-style-type: none"> • LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. 	<ul style="list-style-type: none"> • CMC • CT • CCE • C • CAA • CD • CSC 	1º av	Realiza un mapa da lingua latina e sitúa nel algúns puntos xeográficos importantes.

Latín. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temp	Grao mínimo de consecución de estándares
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CMCCT 	1ª av	Define o indoeuropeo e coñece algunha familia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CD 	1ª av	Diferencia algunha familia de linguas das que se falan actualmente en Europa de orixe indoeuropea e non indoeuropea.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CD 	1ª av	Identifica algunhas linguas de España segundo sexan románicas ou non.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	1ª, 2ª, 3ª	Coñece algúns exemplos de palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	1ª, 2ª, 3ª	Evoluciona algúns termos do latín ao galego.
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaaos consonte a súa natureza e a súa función. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC 	1ª av	Coñece algún tipo de escritura segundo a súa natureza ou función.

Latín. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temp	Grao mínimo de consecución de estándares
• e	• B2.2. Orixe do alfabeto latino.	• B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	• LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	• CAA • CD	1ª av	Sabe identificar algún tipo de alfabeto dos empregados hoxe en Europa.
• h	• B2.3. Pronuncia do latín.	• B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	• LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	• CCL	1ª, 2ª, 3ª	Le en voz alta textos latinos breves coa pronuncia correcta.
Bloque 3. Morfoloxía						
• b	• B3.1. Formantes das palabras.	• B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.	• LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	• CMC CT • CCL	1ª, 2ª, 3ª	Entende o concepto de flexión e sabe descompoñer algunhas palabras en lexemas e morfemas.
• e	• B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	• B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	• LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	• CAA • CCL	1ª, 2ª, 3ª	Identifica algunhas palabras variables e invariables.
• e • b	• B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	• B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	• LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	• CAA • CCL	1ª av	Define o concepto de declinación e conxugación.
• b • e	• B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	• B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enunciálas e declinálas correctamente.	• LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	• CD • CCL	1ª, 2ª, 3ª	Enuncia correctamente algúns substantivos e adxectivos e sabe clasificalos na súa declinación.
			• LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	• CCL • CAA	1ª, 2ª, 3ª	Declina algunhas palabras e sintagmas en concordancia.

Latín. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temp	Grao mínimo de consecución de estándares
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Flexión verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL 	1ª, 2ª, 3ª	Identifica as conxugacións verbais e clasifica algúns verbos nelas a partir do seu enunciado.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conxugación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	1ª, 2ª, 3ª	Identifica as formas dos enunciados dalgúns verbos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ b ▪ h ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Flexión verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL 	1ª, 2ª, 3ª	Identifica a voz activa e pasiva e o tema de presente e perfecto dalgúns verbos.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL 	1ª, 2ª, 3ª	Cambia de voz algúns tempos verbais
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL 	1ª, 2ª, 3ª	Identifica algunhas formas non persoais dos verbos
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	1ª, 2ª, 3ª	Traduce ao galego algunhas formas verbais
Bloque 4. Sintaxe						

Latín. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temp	Grao mínimo de consecución de estándares
• f	• B4.1. Elementos da oración.	• B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	• LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	• CMC • CT	1ª, 2ª, 3ª	Coñece e analiza as funcións dalgunhas formas verbais.
• h	• B4.2. Casos latinos.	• B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	• LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	• CAA • CCL	1ª av	Enumera correctamente os nomes dos casos e explica as principais funcións dentro da oración
			• LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	• CCL	1ª, 2ª, 3ª	Traduce os casos latinos de textos breves e redacta pequenas oracións en latín.
• e	• B4.3. Concordancia.	• B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	• LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	• CCL	1ª, 2ª, 3ª	Recoñece regras de concordancia en latín.
• b	• B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	• B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	• LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	• CMC • CT • CCA • CCL	2ª, 3ª av	Recoñece os tipos da oración simple.
• e	• B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.	• B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.	• LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	• CAA • CMC • CT • CCL	2ª, 3ª	Distingue oracións simples de compostas
• h	• B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	• B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.	• LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízalas e tradúceas correctamente.	• CCL	2ª, 3ª	Identifica, distingue e traduce algunhas construcións de infinitivo e xerundio.
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización						

Latín. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temp	Grao mínimo de consecución de estándares
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ e ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Períodos da historia de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIE ▪ E ▪ CD 	1ª av	Distingue as etapas da historia de Roma.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCE ▪ C ▪ CSC 	1ª, 2ª, 3ª	Sabe enmarcar algúns feitos históricos no período correspondente.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT 	1ª, 2ª, 3ª	Elabora eixos cronolóxicos cos principais fitos históricos.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCE ▪ C ▪ CCL 	1ª, 2ª, 3ª	Describe algún fito histórico da civilización latina.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Organización política e social de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIE ▪ E ▪ CSC ▪ CCL 	1ª, 2ª, 3ª	Describe algún trazo esencial dos sistemas políticos romanos.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIE ▪ E ▪ CSC ▪ CCE ▪ C ▪ CCL 	1ª, 2ª, 3ª	Coñece as clases sociais romanas e describe algunhas das súas características.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. A familia romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCE ▪ C ▪ CCL 	1ª, 2ª, 3ª	Identifica algún dos papeis dos membros da familia romana e algún dos estereotipos culturais da época.

Latín. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temp	Grao mínimo de consecución de estándares
• l • n	• B5.4. Mitoloxía e relixión.	• B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	• LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	• CCE C • CCL • CD	1ª, 2ª, 3ª	Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.
• n • ñ	• B5.4. Mitoloxía e relixión.	• B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	• LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	• CAA • CCE C • CD	1ª, 2ª, 3ª	Sabe de exemplos do mantemento da figura do heroe na nosa cultura.
• m	• B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.	• B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.	• LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrasta os da actualidade.	• CD • CCE C • CSC • CCL • CSIE E • CCL • CAA	1ª, 2ª, 3ª	Distingue algunhas características do modo de vida romano no ámbito privado.
• d • e • ñ	• B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.	• B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.	• LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	• CSC • CSIE E • CCL • CMC CT • CCE C	1ª, 2ª, 3ª	Describe algunha característica dos espectáculos públicos romanos e situa nun mapa algúns dos lugares senlleiros.
Bloque 6. Textos						
• h	• B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.	• B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.	• LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	• CCL • CAA	1ª, 2ª, 3ª	Traduce frases sinxelas.

Latín. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temp	Grao mínimo de consecución de estándares
• d • o	• B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	• B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	• LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	• CCL • CAA	1ª, 2ª, 3ª	Utiliza mecanismos de inferencia para comprender globalmente textos sinxelos.
• h	• B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	• B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	• LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	• CCL • CAA	1ª, 2ª, 3ª	Utiliza correctamente o dicionario para traducir textos sinxelos.
• l • f	• B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	• B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.	• LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	• CCE • C • CCL	1ª, 2ª, 3ª	Realiza comentarios sobre algúns aspectos culturais presentes en textos escollidos.
			• LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	• CMC • CT • CD • CCL	1ª, 2ª, 3ª	Elabora mapas conceptuais de textos sinxelos e localiza o tema principal.
• b	• B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	• B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	• LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	• CCL	1ª, 2ª, 3ª	Redacta frases sinxelas
• g	• B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	• B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	• LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	• CCL	1ª, 2ª, 3ª	Mantén un diálogo moi sinxelo sobre un tema traballado na aula.
Bloque 7. Léxico						
• h • ñ • o	• B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	• B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	• LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	• CAA • CCL	1ª, 2ª, 3ª	Deduce o significado dalgún termo a partir dalgún xa estudado ou da lingua propia.
			• LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	• CD • CAA	1ª, 2ª, 3ª	Identifica e explica alguha palabra de maior frecuencia.

Latín. 4º de ESO						
Objec tivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temp	Grao mínimo de consecución de estándares
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMC ▪ CT ▪ CCL 	1ª, 2ª, 3ª	Identifica os principais prefixos e sufixos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	1ª, 2ª, 3ª	Identifica a etimoloxía dalgunha palabra do léxico común galego.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Locucións latinas de uso actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregarlas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC ▪ CCE ▪ C ▪ CCL 	1ª, 2ª, 3ª	Coñece o significado de locucións latinas de uso frecuente.

11.RECURSOS.

Libro de texto.

Non se empregará libro de texto desta materia, aínda que puntualmente se poida empregar algún libro de apoio cos que conte o departamento.

Aula de Informática.

Tanto para a procura de información como para a realización de tarefas, cando sexa preciso, empregaremos a aula de informática.

Proxección de vídeo.

Cada aula dispón de canón de vídeo e pantalla, recursos de uso habitual na práctica docente.

Biblioteca.

A biblioteca do centro poderá ser un espazo de uso moi frecuente na materia, tal como se describiu no apartado correspondente, tanto para a procura de información coma para as lecturas.

Aula virtual. O curso de Latín conta co apoio dun curso na aula virtual do centro onde o alumnado conta con recursos suficientes para a autoformación..

12. PROCEDEMENTO PARA INTEGRAR, ORGANIZAR E DESENVOLVER AS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS DO CURSO ANTERIOR.

O curso de Latín 4º de ESO é a primeira vez que se imparte ao alumnado. Polo tanto, aínda que parte do alumnado cursou a materia de Cultura Clásica, non procede a integración de aprendizaxes do curso anterior.

13. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Valorarase o grao de adquisición dos estándares e a actitude positiva cara á materia. Ao longo do curso o alumnado estará informado do seu progreso no proceso de aprendizaxe por medio de indicacións diversas: corrección de probas orais (lectura de textos, explicación de mitos, comentario de elementos de civilización...) e escritas, probas de lectura de obras literarias voluntarias, interacción na aula, corrección do caderno de clase e de traballos propostos. Unha vez por trimestre informarase de xeito formal a través da cualificación de avaliación ao alumnado e ás súas familias de acordo coa lexislación vixente. Estas cualificacións terán unha finalidade formativa e tamén sumativa xa que son as que serven para determinar a cualificación final.

Ao remate do curso valorarase o rendemento académico do alumnado mediante a cualificación final que se determina coas especificacións e criterios de cualificación detallados no apartado correspondente.

Os instrumentos para avaliar o noso alumnado van ser os seguintes:

- Probas escritas. Haberá dúas probas escritas cada trimestre na que se incluírán cuestións teórico-prácticas relacionadas coas unidades didácticas obxecto de avaliación. Estas probas serán variadas: de redacción, tipo test, de relación de ideas, completar ocós, elaborar esquemas, ditados, identificación da idea global de textos e traducións.
- Probas orais que determinarán o grao de comprensión de obras literarias, mitos ou material audiovisual, pronuncia de textos latinos e comprensións de mitos e elementos de civilización.
- Presentación e/ou exposición oral de traballos individuais ou en grupo.
- Presentación do caderno do alumnado.
- Rúbricas.
- A observación directa do traballo diario.

14. EVALUACIÓNS.

14.1 Avaliación inicial

Nas primeiras sesións do curso, neste mes de setembro, realizarase unha proba de avaliación inicial. Dado que é a primeira vez que o alumnado cursa esta materia, a proba versará sobre contidos xerais da lingua latina que se poidan inferir do coñecemento que xa adquiriron do galego e o castelán así como elementos sinxelos sobre civilización romana.

14.2 Avaliación trimestral e convocatoria ordinaria.

Como xa sabemos, a avaliación ten unha finalidade formativa (esencial no proceso de ensino-aprendizaxe) e asemade esta valoración do rendemento escolar do alumnado debe atribuír unha cualificación. Esta última dimensión ten unha repercusión inmediata na promoción e mesmo na orientación académico-profesional, polo que procuraremos que sexa o máis obxectiva posible, o que, polo demais, constitúe un dereito do alumnado.

Criterios de cualificación e corrección.

Un xeito de aproximarse a esa obxectividade é partir duns criterios de cualificación claros.

Os nosos son os seguintes:

Valoración das probas escritas	60 %
Valoración do traballo de investigación e traballos voluntarios	30%
Actitude e traballo na aula	10%

Valoración de traballos e caderno de clase.

Valoración de traballos	
Adecuación	30 %
Coherencia/Cohesión	30 %
Corrección	40 %
Valoración do caderno de clase	
Presentación	50 %
Posta ao día	50 %

Actitude e traballo na aula e na clase.

Cada alumno/a dispón ao comezo de cada avaliación dunha puntuación de 1 punto, que representa o 10% da nota desa avaliación. Cada acción que represente unha actitude negativa cara ao traballo esixido subtraerá 0.25 desa puntuación. Neste apartado inclúese a valoración do caderno de clase que poderá ser solicitado polo profesor en calquera momento.

Como criterio de corrección, nas probas escritas as faltas de ortografía influirán na nota.

Para superar a materia, a puntuación de cada apartado debe ser superior a 0.

14.3 Cualificación trimestral

A cualificación trimestral redondearase ao enteiro superior cando supere ou iguale 1/2 de punto. Deste xeito unha cualificación de 6.8 asimilase a un 7. Cando a cualificación sexa inferior ao 1/2 punto redondearase ao enteiro inferior. Deste modo unha cualificación de 5.4 reflectirase como un 5 na cualificación da avaliación.

14.4 Criterios para determinar a cualificación final

Avaliación final ordinaria

A cualificación final na avaliación ordinaria será a media das tres avaliacións trimestrais (antes de aplicar o redondeo previsto no apartado anterior). Con carácter xeral, para su-

perar a materia requirirase a superación das tres avaliacións. Non obstante, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa ou dúas avaliacións suspensas se a cualificación destas é igual ou superior a 4 puntos e a media das tres sexa igual ou superior a 5.

Calendario de avaliacións

O alumnado obterá a cualificación de cada avaliación segundo o calendario establecido pola xefatura de estudos, que é o seguinte:

Sesión de preavaliación: 13 de outubro.

1ª avaliación: 20 de decembro.

2ª avaliación: 29 de marzo.

3ª avaliación: 6 de xuño.

Avaliación final: 23 de xuño

En calquera caso, xa que neste curso a cantidade de sesións por avaliación era inicialmente moi dispar, e a metade de curso aprobouse un calendario que ampliou os días da 3ª avaliación, o calendario final das avaliacións é o seguinte:

Avaliación inicial: 12 de setembro.

1ª Avaliación) 30 de novembro.

2ª Avaliación) 29 de marzo.

3ª Avaliación) 21 de xuño.

Avaliación final: 23 de xuño

Avaliación da convocatoria extraordinaria.

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderá realizar unha proba no mes de xuño, nas datas establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de acordo co calendario e horario fixado polo centro. Esta proba escrita será cualificada de 1 a 10 puntos e representará o 100% da cualificación final.

14.5 Probas de recuperación.

O alumnado que obteña unha cualificación inferior a 5 deberá realizar a correspondente proba de recuperación. A nota da proba representará o 80 % da cualificación á que se lle engadirá a dos outros dous apartados dese trimestre.

As probas de recuperación terán lugar nas seguintes datas:

A da primeira avaliación, nos primeiros quince días lectivos do 2º trimestre.

A da segunda avaliación, nos 15 primeiros días do 3º trimestre.

A da terceira avaliación, no últimos días lectivos do curso.

15. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

O CPPI dos Dices conta cun Plan de Acción Titorial no que se coordinan, a nivel de centro, as medidas de atención á alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Neste PAT

atenderanse os puntos que a este respecto establece o Decreto 86/2015 cando dispón que para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado. Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal, e os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. A consellería con competencias en materia de educación, coa finalidade de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerá os procedementos oportunos cando cumpra realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, coa finalidade de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería con competencias en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o do alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

Medidas metodolóxicas.

Nun proceso de ensino-aprendizaxe baseado na identificación das necesidades do alumno/a (o dominio da linguaxe é un factor decisivo no seu desenvolvemento psicolóxico e no seu achegamento ao coñecemento), consideramos fundamental cantos recursos educativos sexan necesarios para que a súa formación se axuste ás súas posibilidades, nuns casos porque estas son maiores cás do grupo, noutras porque necesita reaxustar o seu ritmo de aprendizaxe polas dificultades con que se atopa.

Medidas curriculares.

Para atendermos á diversidade de niveis de coñecemento e de posibilidades de aprendizaxe, é dicir, para adecuar o ensino á aprendizaxe e para facer compatibles a comprensividade e a diversidade, ofreceranse en cada unidade novas actividades, á parte das de ampliación e as de reforzo, e que polo seu propio carácter dependen da aprendizaxe do alumno para decidir cales, en que momento e como se van desenvolver, xa que non todas son igualmente válidas para todo o alumnado.

Medidas organizativas.

Ofrécese ademais a todo o alumnado a flexibilidade suficiente nos instrumentos de avaliación e nos criterios de cualificación para responder ás súas necesidades e expectativas. Deste xeito as probas de avaliación e as lecturas propostas en cada trimestre están deseñadas para que cada alumno e alumna escolla e participe tamén no proceso de avaliación en función da súa capacidade, iniciativa e esforzo.

16. PROGRAMAS DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

16.1 Programas de reforzo trimestrais.

O alumnado que cuxa cualificación fose inferior a 5 puntos no apartado das probas escritas recibirá material de apoio que incidan nos bloques de contido nos que amose máis necesidade de reforzo. Unha vez realizadas as tarefas e feito o seguimento correspondente o alumnado deberá presentarse ás probas de recuperación segundo o establecido no apartado 14 desta programación.

16.2 Programas de reforzo e recuperación da materia pendente.

Esta materia non se cursa en cursos anteriores.

16.3 Programa específico para alumnado repetidor.

Neste curso académico non hai alumnado repetidor en 4º de ESO.

16.4 Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo.

Durante este curso non temos alumnado nesta situación.

17. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Segundo establece a LOMCE, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecte as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Todos estes elementos transversais han estar presentes no traballo diario ao longo do curso no que se imparte esta materia. De todos os xeitos, habemos prestar unha atención especial á comprensión lectora, a expresión oral e escrita, á comunicación audiovisual, ás TIC e ao fomento da igualdade. Neste último punto vai ser de utilidade partir de elementos da civilización romana e contrastar a evolución ou pervivencia de valores, estereotipos e prexuízos.

18. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

En relación ao PLC, as bibliotecas escolares e a lectura o Decreto 86/2015 establece o seguinte:

Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.

Os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto lector de centro. A biblioteca ten como obxectivos ser un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que estimule os intercambios culturais no centro docente.

Correspóndelle á dirección do centro docente a aprobación do programa de promoción da lectura, logo da proposta realizada polo claustro de profesorado. Procurarase a adecuada coordinación, de ser o caso, co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.

Como xa dixemos no apartado correspondente, establecerase unha proposta de lecturas voluntarias cada trimestre sobre aspectos ou elementos da civilización latina prestando especial atención ás que teñan unha proxección nos nosos días.

19. EDUCACIÓN DIXITAL. ACCIÓNS DE ACORDO AO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC.

Segundo o artigo 39 do Decreto 85/2015 relativo á educación dixital a consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que se estableza.

Á marxe da contribución que vén dada polo desenvolvemento dos contidos relacionados cos estándares que teñen que ver coa competencia dixital, o materia de Latín contribúe a implementación do Plan TIC coas seguintes liñas de actuación:

- Impartición de clases na aula de informática de acordo co calendario establecido para cada área.

- Contribución á a creación de contidos na aula virtual do centro.
- Participación nas actividades de formación de profesorado, especialmente na competencia “competente en TIC” e subcompetencia “software”.
- Emprego dos diferentes recursos dispoñibles para a intervención docente: PDI, equipos informáticos e canón de vídeo.
- Formación do profesorado nos campos da realización e edición en vídeo.

20. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

No noso centro, segundo se recolle no Plan de convivencia e na Memoria Anual, non hai problemas graves neste punto e as condutas disruptivas son moi illadas. A esta situación chegouse grazas ao labor continuado levado a cabo dende a dirección do centro nos últimos 20 anos e que o Departamento apoiou decididamente. Neste sentido, o Departamento transmite as liñas marcadas dende a dirección, difunde os puntos esenciais das NORF, potencia as medidas que faciliten a orde, a disciplina e o respecto mutuo e participa en todas as campañas nas que é solicitado para o cumprimento do Plan de convivencia do centro.

21. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

A materia de Latín xa conta, obviamente, cos contidos e criterios de avaliación e estándares que procuran o maior logro posible da Competencia Lingüística do alumnado. Entre eles, figuran algunhas das liñas de traballo que propoñemos como contribución ao PLC:

- Colaborar para que a comunidade educativa, nomeadamente o alumnado, continúe tendo unha actitude positiva cara ás linguas.
- Desenvolver a consciencia lingüística do alumnado e traballar para desterrar calquera tipo de prexuízo lingüístico.
- Colaborar para que a lingua galega siga tendo unha alta presenza nas producións TIC do centro (páxina web, blogs, canles de vídeo).
- Colaborar con Equipo de Normalización Lingüística do centro en calquera das actividades que promova.
- Contribuír a un tratamento integrado das linguas en colaboración cos demais departamentos lingüísticos do centro.

22. TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS.

En relación coa última epígrafe do punto 20, os departamentos de linguas, con respecto ao TIL, acordaron o seguinte:

Criterios metodolóxicos básicos.

Co obxectivo de fomentar o uso das diferentes linguas e que o alumnado se adapte ás diversas situacións comunicativas e tipoloxías textuais, en contextos tanto formais ou académicos como sociais e cotiáns, traballárase a corrección ortográfica, morfolóxica e sintáctica, con riqueza léxica, frases elaboradas e diferentes conectores textuais.

En todo caso cunha metodoloxía participativa e cooperativa que permita mostrar as súas producións orais e escritas, procurando a súa mellora e avance, facilitando a autoavaliación e espírito crítico.

Terminoloxía

Procurárase a unificación da nomenclatura entre os catro departamentos de linguas. En campos máis específicos, coma a sintaxe, seguiremos a terminoloxía da Escola Funcionalista de Santiago.

Tratamento de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

Os estándares referidos a:

Tipoloxía textual serán tratados en Lingua Española e Lingua Galega.

Presentacións e textos expositivos serán tratados en Lingua Española e Lingua Galega.

Debates serán tratados en Lingua Galega.

Dramatizacións de situación cotiáns serán tratados en Lingua Española e Lingua Galega.

Dramatización de textos literarios serán tratados en Lingua Española.

Procura de información, manexo de dicionarios e fontes de consulta, tanto impresas como dixitais, serán impartidos polos catro departamentos.

Creación de materiais audiovisuais, gravación e edición de vídeos, etc. serán tratados en Lingua Galega e Lingua Española.

Recoñecemento da diversidade lingüística e cultural con actividades que recoñezan e aproveiten as actividades e coñecementos dos outros departamentos de linguas e a colaboración entre eles, serán tratados nos catro departamentos e na materia de latín.

Lectura de obras da literatura universal como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo serán tratados nos catro departamentos e na materia de latín.

23. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias e extraescolares que se propoñen dende o Departamento procuran a máxima integración no currículo da ESO, pretenden axudar a desenvolver as competencias clave dos nosos alumnos e alumnas, queren contribuír a compensar as desigualdades que o noso alumnado ten no acceso á cultura e aspiran a ser o máis variadas posibles. Polo que respecta ás saídas didácticas, procuran aproveitar varios eventos no mesmo día ou estar coordinadas coas programadas por outro departamento. En canto ao número, son selectivas e están limitadas pola dispoñibilidade orzamentaria para que o custo das mesmas non implique que haxa alumnos ou alumnas que non poidan participar nas mesmas.

- Visita a Lugo e centro de interpretación da muralla.
- Asistencia a unha obra de teatro clásico grecolatino.
- Calquera outra actividade relacionada coa materia que se propoña ao longo do curso.

24. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ademais do seguimento que nas reunións do departamento se fai da programación -nomeadamente ao final de trimestre- avalíase no final de cada curso o grao de cumprimento e posibles melloras ou cambios con respecto ao curso seguinte. Estas conclusións recóllense na última acta de reunión de Departamento de cada curso. De por parte, o alumnado, unha vez obtida a cualificación final do curso, avalía a través dun cuestionario o labor do profesorado, a metodoloxía empregada, os criterios e instrumentos de avaliación, en resumo, o proxecto didáctico. Os resultados dos cuestionarios, obviamente, son considerados á hora de continuar ou modificar a seguinte programación.

Facemos nosa a seguinte táboa proposta pola Consellería segundo o modelo achegado ao centro (sendo 1 a puntuación máis baixa e 4 a máis alta):

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				x

2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				x
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				x
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				x
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				x
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				x
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				x
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				x
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				x
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				x
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				x
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).			x	
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				x
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				x
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				x
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				x
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach.].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				x
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				x
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				x

25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.			x	
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				x
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				x
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				x
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				x
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				x

25. REFERENCIAS NORMATIVAS.

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora de la calidad educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da ESO e de Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e mais os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, e se regula o currículo e a oferta.
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia.

En Rois, a 13 de marzo de 2023.

Asdo. profesor, Xaime González Calvo.